

Convocatoria da Sesión Ordinaria do Pleno Municipal para o 23 de febreiro de 2026 (PLENO 2/2026)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución número 409/2026 de 18 de febreiro, e de acordo co previsto no art. 46 do Regulamento de Organización Municipal, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á **sesión Ordinaria do Pleno** que terá lugar no Salón de Plenos do concello de Carballo o **día 23 de febreiro de 2026 ás 20:30 horas**, en primeira convocatoria, e, de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

Así mesmo infórmase que a copia do borrador da acta da sesión anterior e a documentación relativa a esta sesión, está a súa disposición dende a data da convocatoria na Sede Electrónica do concello de Carballo, no PORTAL DE CARGOS ELECTOS.

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Sesión

Data da sesión: 23-02-2026
Hora: 20:30 h.

Parte resolutiva:

1.- Acta da sesión anterior (26/01/2026). Aprobación.

2.- Convenio tipo de colaboración para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás categorías da Policía e Oficial de Policía dos corpos de policía local, e as prazas de auxiliares de policía local. Encomenda de xestión. Aprobación. (CIFEC de 16/02/2026)

3.- Expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 01/2026. Aprobación. (CIFEC de 16/02/2026)

4.- Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada de residuos de envases domésticos de envases lixeiros e papel cartón dun só uso. Aprobación. (CIRIAX de 16/02/2026)

Parte de control:

5.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro entrada n.º 202699900001000 de 10 de febreiro, condenando o vandalismo contra as sedes do Partido Popular de Galicia. (CIRIAX de 16/02/2026)

6.- Moción do grupo municipal do PP, rexistro de entrada n.º 202699900001014 de 10 de febreiro sobre a situación da torreta eléctrica no novo vial do Polígono de Bértoa. (CIRIAX de 16/02/2026)

7.- Moción do grupo municipal do BNG, rexistro de entrada n.º 202699900001029 de 10 de febreiro para solicitar da Xunta de Galicia un Plan de Restauración Ambiental da denominada mina Monte Neme. (CIRIAX de 16/02/2026)

8.- Informe de Tesourería e Intervención sobre o cumprimento dos prazos establecidos na lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais correspondentes ao cuarto trimestre de 2025. Dación de conta.

9. Informe rendido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do artigo 16 da Orde MAP/2015/2012 de 1 de outubro. Execución do cuarto trimestre do 2025. Dación de conta.

10.- Resolucións da Alcaldía

* Expresamente resolución 164/2026 de 21 de xaneiro. Inventario municipal de bens do concello de Carballo. Alta das parcelas de cesión obrigatoria resultantes do proxecto de compensación da área de reparto do sector SUR-D/S-I4 CALVO.

* Expresamente resolución 284/2026 de 4 de febreiro. Inventario municipal de bens do concello de Carballo. Alta do vehículo NISSAN NAVARA con matrícula 1929 LNK, cedido pola Xunta de Galicia ao concello de Carballo (05/2026-PAT)

* Ditadas entre o día 21/01/2026 núm 146 e o día 16/02/2026 núm. 406

11.- Acordos da Xunta de Goberno Local

Actas de XGL de 12/01/2026 e 26/01/2026.

12.- Rogos

13.- Preguntas

Documento asinado dixitalmente, en Concello de Carballo, na data que figura ao marxe.

Secretaria
Marina Núñez Orjales